

Proxecto:	Parque eólico San Cristovo
Documentos:	Estudo de impacto ambiental (EsiA) e Proxecto sectorial (PS)
Localización:	Monterroso e Taboada (Lugo)
Promotor :	Enel Green Power España, SLU
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	117-EOL
Data rexistro:	25.10.2022
Expediente:	03.I.569.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA1200/2010 (Servizo de Arquitectura)

O 25.10.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) emita o correspondente informe sectorial sobre os documentos sinalados na cabeceira, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, co artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e co artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Para iso achéganse os enlaces para descargar os documentos titulados Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico San Cristóbal 2021 e Proxecto sectorial Parque Eólico San Cristóbal. Febrero 2022, nos termos municipais de Monterroso e Taboada (Lugo).

ANTECEDENTES:

O 11.03.2020 a DXPC autorizara ao arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar para realizar a *Prospección arqueolóxica para realizar la Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del Proyecto del Parque eólico Santo Cristovo, ayuntamientos de Monterroso y Taboada* (Lugo) 2021 (cód. CT 102A 2020/148-0).

O 13.10.2020 a DXPC autorizara ao arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar para realizar unhas sondaxes arqueolóxicas para valorar e delimitar o xacemento arqueolóxico da Torre/Capela de San Cristovo, Parque Eólico San Cristóbal (cód. CT 102A 2020/806-0).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. (DOG do 14.01.2021)
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de



Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126, do 04.07.2022)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise dos documentos:

Estudo de impacto ambiental (EsIA)

- Segundo a documentación remitida o obxecto do proxecto é construír un parque eólico cunha potencia total de 28 MW, composto de catro aeroxeradores de 5,0 MW de potencia nominal unitaria, 100 m de altura de buxa e 170 m de diámetro de rotor; un aeroxerador de 2,0 MW de potencia nominal unitaria, 80 m de altura de buxa e 114 m de diámetro de rotor e un aeroxerador de 6,0 MW de potencia nominal unitaria de 102,5 m de altura de buxa e 155 m de diámetro de rotor. As súa infraestrutura asociada son: vieiros interiores no parque, plataformas de montaxe, gabias de cableado, torre anemométrica, zona de acopios temporais, obras auxiliares e subestación transformadora 33/220 kV (SET). A enerxía eléctrica xerada polo parque eólico San Cristovo ten como posible punto de evacuación, segundo a REE, a subestación Chantada 220 kV.
- O acceso ao parque eólico está previsto por dous viarios: un acceso situado mais ao norte dende a N-540 km 35,8 cara á SET e o aeroxerador SC02 e outro situado máis ao Sur dende a N-540 Km 36,5 que leva aos aeroxeradores SC01, SC03, SC04, SC05, SC06. Os viarios interiores partirán do eixe de acceso chegando a cada unha das infraestrutura, aproveitando a rede de camiños existentes cunha anchura útil de 6 m.
- No documento ambiental analízanse, ademais da alternativa 0 de non execución, dúas alternativas de deseño do parque eólico (1 e 2). Selecciónase como máis favorable para o desenvolvemento do proxecto a alternativa 2, xa que, segundo se indica no documento, considérase a máis favorable dende un punto de vista medioambiental por ter afeccións lixeiramente inferiores, principalmente, sobre o patrimonio cultural.
- No apartado 6, Estudios de efectos sinérgicos, faise un estudo destes posibles efectos sobre diferentes aspectos pero non se valoran os efectos sobre o patrimonio cultural.
- En diferentes apartados do EsIA faise referencia ao patrimonio cultural (5.8. Patrimonio Cultural, etnográfico e Industrial; 7.5.6. Impactos sobre o Patrimonio Cultural, Etnográfico e Industrial; 8.2.9. Medidas preventivas, correctoras y compensatorias na fase de obra sobre o patrimonio cultural; 12. Documento resumen y conclusiones, subapartado; 12.5.7. Patrimonio Cultural, etnográfico e industrial) recóllense as afeccións das obras sobre estes elementos, valoración dos impactos e as medidas correctoras. Toda esta información detállase e amplíase no anexo IX Arqueoloxía, onde se recollen os resultados da prospección arqueolóxica realizada.
- No Anexo III, Estudio de impacto e integración paisaxística, indícase que se recolleron aquelas áreas ou elementos que contén xa cun recoñecemento nacional, rexional ou local (BIC, elementos catalogados...), así como aquelas outras que, froito do estudo, considérense en atención ao seu interese patrimonial, histórico e/o etnográfico. Neste apartado do estudo valóranse os elementos propios dos inventarios patrimoniais, tales como cruceiros, castros, restos de murallas, igrexas e outros. Do mesmo xeito considéranse aqueles núcleos singulares, tanto pola súa arquitectura como polo seu estado de conservación ou particular inserción na paisaxe. Finalmente, baixo esta mesma mirada merecen atención as estruturas agrarias tradicionais, a rede de camiños, carreiros, etc. Dentro deste apartado destácase a relativamente próxima presenza do trazado do Camiño de Santiago, que discorre a un oito quilómetros ao norte. Como elementos de interese cultural máis próximos aparecen as Igrexas Parroquiais de Arxiz, a 600 m, de Meixonfrío, a 1.600 m, e de San Mamede, a 1.200 m; os Pazos de San Pedro e de Laxe, a 3.500 m; O Pazo de Taboada e a súa contorna como conxunto histórico, a 2.500 m, e as Casas Grandes de Ladar e Seixas, a 1.500 m e 2.000 m, respectivamente. Respecto dos impactos na fase de explotación, indícase con respecto ao Camiño de Santiago, que a visibilidade sería intermitente, elevada (con cinco ou seis aeroxeradores visibles) en puntos de maior altitude, e nula en puntos baixos.
- Como documento independente dentro do EsIA preséntase o Anexo IX Arqueoloxía: Memoria



refundida de Evaluación do impacto sobre o patrimonio cultural del Proyecto del Parque Eólico San Cristóbal, ayuntamiento de Monterroso y Taboada (Lugo). Onde se recollen os resultados da prospección autorizada ao arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, con data 11.03.2020 e código CT102A 2020/148-0. Ademais faise referencia aos resultados da intervención arqueolóxica de sondaxes arqueolóxicas valorativas no contorno do xacemento arqueolóxico Torre/Capela de S. Cristovo, autorizada ao mesmo arqueólogo o 15.09.2020 (cód.CT102A 2020/806-0).

- Recóllese unha táboa coa relación de elementos situados dentro da área da poligonal do parque eólico cun total de 20 elementos, todos arqueolóxicos, dos que catro considéranse inéditos (un deles un topónimo). Destes elementos faise unha análise e valoración dos impactos e se establecen as seguintes medidas protectoras e correctoras (só en cinco deles propóñense medidas específicas):

Código/ Elemento	Cualificación e axente de impacto	Medidas correctoras
Mámoa de Castelo Longo de Ambarria 1 (GA27032042)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC6 a 240 m ao SO.	Medidas correctoras xenéricas
Mámoa de Castelo Longo de Ambarria 2 (GA27032095)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC6 a 201 m ao SO.	Medidas correctoras xenéricas
Mámoa de Castelo Longo de Ambarria 3 (GA27032096)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC6 a 371 m ao S.	Medidas correctoras xenéricas
Castelo Longo de Ambarria	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC6 a 373 m ao S.	Medidas correctoras xenéricas
Medorra do Coto dos Miñotos (GA27060015)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o viario principal de acceso a 596 m ao O.	Medidas correctoras xenéricas
Medorra da Costa de San Cristovo (GA27032131)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC6, a 200 m ao NO. A mesma distancia ao S localízase o aeroxerador SC5 e o viario entre ambos rodea a cautela no xacemento.	Medidas correctoras xenéricas
Medorra da Costa (GA27060016)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o viario principal de acceso a 761 m ao NO.	Medidas correctoras xenéricas
Medorra da Cima da Leira (GA27060020)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento e o aeroxerador SC5 a 687 m ao SO.	Medidas correctoras xenéricas
Coto das Medorras 1 (GA27060021)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC5 a 828 m ao SO.	Medidas correctoras xenéricas
Coto das Medorras 2 (GA27060022)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC5 a 934 m ao SO.	Medidas correctoras xenéricas
Coto das Medorras 3 (GA27060023)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC5 a 1.131 m ao SO.	Medidas correctoras xenéricas
Castro de Fontefría (GA27060035)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o viario principal de acceso a 793 m ao N.	Medidas correctoras xenéricas
Torre (GA27060054)	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o aeroxerador SC1 a 640 m ao NL.	Medidas correctoras xenéricas
Mámoa do Monte de San Cristovo 1 (GA27060068)	Impacto compatible. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o viario principal de acceso a 182 m ao SO.	Control e seguimento arqueolóxico intensivo no acondicionamento do viario dentro da área de cautela do xacemento.
Mámoa do Monte de San Cristovo 2	Impacto compatible. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o viario principal de acceso a 169 m ao SO.	Control e seguimento arqueolóxico intensivo no acondicionamento do



(GA270600699)		viario dentro da área de cautela do xacemento.
Mámoa do Monte da Lagoa	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento é o viario principal de acceso a 461 m ao O-SO.	Medidas correctoras xenéricas
Castelo de Vilameñe (TOP01)	Impacto compatible. A infraestrutura máis próxima é a gabia de cableado paralela ao viario principal de acceso a 10 m ao O. O viario xeral de acceso principal como modificación dunha pista forestal a 14 m ao O. A cimentación do aeroxerador SC5 a 90 m ao O do topónimo.	Control e seguimento arqueolóxico intensivo no acondicionamento do viario dentro da área de cautela do xacemento.
Túmulo 01 Túmulo de As Pozas	Sen impacto. A infraestrutura máis próxima ao xacemento e o aeroxerador SC4 a 205 m ao SL.	Medidas correctoras xenéricas
Túmulo 02. Túmulo de Rega das Pías	Impacto moderado. A infraestrutura máis próxima é a modificación dunha pista asfaltada como viario principal de acceso a 11 m ao L.	Control e seguimento arqueolóxico intensivo no acondicionamento do viario dentro da área de cautela do xacemento.
Xacemento da Torre/Capela de San Cristovo (GA27060080)	Impacto moderado. A infraestrutura máis próxima son as obras de modificación nun camiño existente no tramo de conexión entre as máquinas SC3 e SC5 a 42 m ao N. Estas obras consistirán na execución dun vial de acceso, que se bifurca en dous ramais (Norte e Sur) no ámbito do elemento para non afectar de maneira directa ao mesmo.	Control e seguimento arqueolóxico intensivo no movemento de terras. A roza deberá realizarse con cazo de coitela e mediante un decapado

- Na área do xacemento Torre /Capela de San Cristovo, inicialmente proxectábase modificar un viario existente que pasaba pola zona do posible xacemento. Non se pode realizarse estas modificacións por estar no punto exacto do posible xacemento polo que como alternativa proxectase modificar un viario situado ao norte, e realizar un viario novo ao sur a uns 100 m. Despois de consultar cos técnicos da DXPC, decídese realizar unhas sondaxes arqueolóxicas valorativas para valorar a potencialidade arqueolóxica destas áreas que se poderían ver ocupadas por estes viarios e ademais para poder delimitar este xacemento e comprobar se as infraestruturas proxectadas (viarios) afectan o xacemento. Realízanse unhas sondaxes arqueolóxicas co código de autorización CT102A 2020/806-0, cun resultado negativo.
- Ademais das medidas correctoras específicas detalladas no cadro anterior, establécense medidas xenéricas e xerais para o conxunto do parque eólico que son as seguintes:
 - Medidas correctoras xenéricas, propónse a realización de control e seguimento arqueolóxico das obras sobre todo na fase de replanteo das obras e de remoción de terras.
 - Medidas correctoras xerais para o conxunto das obras:
 - Comunicarase con antelación ao equipo encargado do control e seguimento a localización das posibles zonas de acopio ou préstamo así como calquera outra obra non recollida na planimetría nin no proxecto, en previsión de que calquera elemento arqueolóxico non identificado poida verse afectado polas obras.
 - Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo para verificar que non afecten a elementos non recollidos no presente estudo de impacto.
 - Inclusión nos planos de obra dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
 - Medidas correctoras de carácter xeral para os xacementos arqueolóxicos que se poidan localizar nas fases de replanteo e construción: balizado de cada un dos elementos arqueolóxicos na planimetría de obra, prohibido calquera tipo de remoción non controlada nas inmediacións, as obras no entorno dos xacementos deberán restrinxirse ao proxectado, control e seguimento de todas as remocións a realizar nas proximidades



dos elementos para verificar a existencia ou non de materiais, restos ou estruturas arqueolóxicas.

Proxecto sectorial (PS)

- Redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura deste parque eólico. Só se fai referencia ao patrimonio cultural en dous dos apartados, de forma moi superficial sen entrar en detalle:
- En relación co patrimonio cultural, no apartado 4.- Estudo de incidencia territorial, no subapartado 4.4.- Protecciones y afecciones ambientales, faise mención a que no EsIA do parque eólico realizarase un estudo detallado de posibles afeccións culturais, establecendo as medidas correctoras necesarias.
- No Anexo I, Análisis de Compatibilidad Estratégica (ACE), apartado 1.4.1, Paisaje, Patrimonio natural e Cultural, indícase que se realizaron estudos arqueolóxicos que se tiveron en conta para o deseño do parque eólico, co obxecto de minimizar as afeccións sobre o patrimonio cultural.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA) e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que na área de implantación do parque eólico e na poligonal deste existen bens do patrimonio cultural que se poderían ver afectados e que son identificados na Memoria de Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico San Cristóbal incluída como Anexo IX do EsIA, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas protectoras e correctoras.
- Porén, no devandito Anexo IX non se recolle o xacemento arqueolóxico da Mámoa da Costa de San Cristóbal (GA27032138) e, por tanto, tampouco se avalía o impacto das obras sobre este xacemento, nin se establecen medidas protectoras e correctoras a respecto. Logo de consultar os arquivos de xacementos arqueolóxicos da DXPC, constátase que este xacemento ten ficha de inventario do 2018, asinada polos arqueólogos M^a Carmen Alvarez García e Manuel Lestón Gómez, xunto con ficha de xeolocalización, tamén do 2018, realizada pola empresa Terra Arqueos, SL. O impacto sobre este xacemento sería o viario de nova creación proxectado que levaría consigo obras de desmonte e a construción de terrapléns, ademais da gabiá para cableado. Estas obras serían de nova execución, non de acondicionamento de vías existentes, e se proxectan a 150 m ao oeste do devandito ben.
- Dos impactos arqueolóxicos identificados e valorados no devandito anexo cualifícanse dous como moderados e tres como compatibles.
- Dos impactos cualificados como moderados, salienta o que se produce sobre o xacemento arqueolóxico da Torre/Capela de San Cristovo (cód.GA27060080), que se sitúa no Coto de San Cristovo, no punto máis alto e dominante desta paraxe.
- Cómpre recordar que no estudo realizado por Zeta Arqueoloxía no ano 2010 para o estudo da LAT Picato-Chantada, neste lugar se recollía o topónimo Alto da Torre. Na ficha de inventario antiga tamén figuraban os topónimos Capela de San Cristovo e Penas do Mosteiro. Na inspección realizada en campo para avaliar o parque eólico San Cristovo localizáronse abundantes restos de tella curva, de gran grosor e con presenza de numerosos sinais vexetais. Asemade detectárase un pequeno parapeto conservado unicamente no sector leste, que define un recinto rectangular con esquinas redondeadas, e que é perfectamente visible no plano de pendentes (arquivos MDT_1m, PNOA do Instituto Xeográfico Nacional). Este parapeto, aínda que non conserva moita altura, semella excesivo para relacionalo coa existencia dunha ermida que citan as fontes, xa que define un recinto cunhas dimensións aproximadas de 114x90 m, polo que, tendo tamén en conta o topónimo documentado (Alto da Torre), é posible que nunha fase anterior á existencia da devandita ermida a zona estivese ocupada por algún tipo de asentamento tipo torre. A este respecto, nesta zona do Monte San Cristóbal consérvase en diferentes cartografías multitude de



toponimia relacionada con asentamentos fortificados de época medieval, como O Castelo, A Torre, Castelo de Vilameñe, etc. Tamén chama a atención o topónimo da primeira ficha, Penas do Mosteiro. Salientar que a zona está moi alterada pola presenza de antenas e torres de telecomunicacións, así como pola construción de pistas forestais e devasas que o atravesan.

- Respecto das obras do parque eólico, inicialmente se proxectaba que o viario deste atravesase o propio da Torre/Capela de San Cristovo, o que xeraría uns desmontes e terrapléns de altura considerable, con risco de ocupar zonas non alteradas e, por conseguinte, afectar a posibles restos arqueolóxicos asociados ao xacemento. Daquela o impacto sería severo e incluso podería cualificarse de crítico.
- Xa que logo, estudouse a posibilidade de construír un vial que se bifurcase en dous ramais (norte e sur) que rodearían o xacemento pero evitarían afectalo de maneira directa. Proxectouse bifurcalo entre o ramal entre os aeroxeradores SC3 e SC5 ao norte, e outro bypass que rodea o xacemento polo sur, desde a estrada existente ata a SC3, a uns 46 metros ao sur do límite exterior do xacemento. O ramal norte sería o que menor impacto xeraría -a pesar de estar máis preto ao elemento-, xa que aproveita un camiño existente en gran parte do seu percorrido. O ramal do sur, algo máis afastado, unicamente coincide puntualmente cunha devasa de maneira perpendicular ao seu trazado. Ambos ramais foron deseñados a unha cota máis baixa da existente na posición do xacemento, en zonas de pendente pronunciada. É importante ademais sinalar que tamén se realizaron unhas sondaxes arqueolóxicas para valorar a potencialidade arqueolóxica das zonas de ocupación dentro do contorno de protección subsidiario do elemento (perímetro de 200 m). Esta intervención arqueolóxica consistiu na realización de catro sondaxes arqueolóxicas valorativas de carácter manual, nas que foron retirados os diferentes niveis seguindo a secuencia estratigráfica. A ausencia de restos arqueolóxicos foi total, xa que non se detectaron indicios de estruturas, cortes nin materiais arqueolóxicos asociados en ningunha das catro sondaxes realizadas, nin tampouco na roza da zona do vértice xeodésico.
- Con estes resultados, e coa aplicación das medidas correctoras propostas, o estudo valora e cualifica o impacto como moderado, e conclúe que a nova proposta mellora o deseño inicial diminuíndo o risco de afección directa a este xacemento arqueolóxico. Porén, e dado que se proxectan obras de nova execución no perímetro de 200 m, cómpre corrixir o impacto cunhas medidas protectoras, correctoras e compensatorias adecuadas que completen a investigación e realicen unha revalorización dos valores deste xacemento arqueolóxico.
- Respecto do impacto das obras sobre o Túmulo 02 (inédito), a infraestrutura máis próxima proxectada é a modificación dunha pista asfaltada existente como viario principal de acceso, que está a 11 m ao leste do lugar onde se sitúa o túmulo. Tendo en conta esta distancia, considérase que se deberán extremar as precaucións e garantirse que non se van realizar movementos de terras nas marxes inmediatas a este ben localizado preto desta vía.
- No estudo de sinerxías non se contempla o patrimonio cultural.
- A táboa de elementos arqueolóxicos que se atopan dentro da poligonal non está completa.
- Respecto aos accesos ao parque eólico, se ben se especifican as rutas desde fóra da poligonal, non se concretan as actuacións que será necesario realizar para acondicionar ese acceso, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese un **informe favorable** dos documentos, Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico San Cristóbal 2021 e Proxecto sectorial Parque Eólico San Cristóbal. Febrero 2022, nos



termos municipal de Monterroso e Taboada (Lugo), coas medidas protectoras e correctoras indicadas no anexo IX do EslA, e sempre e cando se cumpran as seguintes condicións e consideracións:

- Deberá desprazarse o viario e gabiá de cableado que vai cara ao aeroxerador SC06 fóra do contorno de protección do xacemento Medorra da Costa de San Cristovo (GA27032138).
- No tramo de viario que discorre preto do lugar de emprazamento do Túmulo 02 (inéxito), deberán extremarse as precaucións e garantirse que non se vai anhear a vía existente nin realizar movementos de terras cara á marxe dos terreos onde se localiza este xacemento. A gabiá de cableado levarase ao lado contrario. As obras realizaranse baixo control arqueolóxico continuo e presencial.
- Con carácter previo ao inicio das obras de construción do parque eólico, terá que presentarse un proxecto que complete a investigación e realice unha posta en valor do xacemento arqueolóxico da Torre/Capela de San Cristovo (GA27060080), como medida compensatoria polo impacto que se xerará no contorno deste xacemento, e que, polo menos, levará consigo estas actuacións:
 - Estudo histórico e documental deste ben, que requirirá, como mínimo, a busca de información nos arquivos parroquiais próximos ao lugar e máis no Arquivo Histórico Diocesano.
 - Roza, limpeza e documentación topográfica do parapeto que delimita o recinto documentado.
 - Prospeccións xeofísicas do interior do recinto (polo menos, con xeorradar).
 - Sondaxes arqueolóxicas manuais no interior do recinto.
 - Elaboración dun protocolo de limpeza e achega dun compromiso de mantemento e limpeza do lugar a desenvolver durante o período de explotación do parque eólico.
 - A sinalización do xacemento e actuacións de divulgación da información histórica e arqueolóxica deste ben.
- Sen prexuízo do anterior, as obras de construción dos viarios de nova execución desta bifurcación que se proxectan no contorno do devandito xacemento da Torre/Capela de San Cristovo, tanto o norte como o sur, deberán levar un control arqueolóxico continuo e presencial, tanto nos traballos de roza como de remoción de terras, que se realizarán mediante un decapado das terras ao ritmo que estableza o equipo de control e seguimento arqueolóxico.
- O EslA completárase co estudo de sinerxías sobre o patrimonio cultural e coa totalidade de elementos arqueolóxicos existentes na poligonal do parque eólico.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, realizarase un control e seguimento arqueolóxico da roza, replanteo, execución de obras e restitución dos terreos do parque eólico. A tal fin, e previo ao inicio das mesmas, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). No devandito proxecto recolleranse todas as medidas protectoras e correctoras xerais e específicas establecidas no EslA, e mais as derivadas das consideracións que se fan no presente informe.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra nos contornos de protección dos elementos arqueolóxicos documentados ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico. Asemade realizarase un especial seguimento das rozas e dos perfís e cortes que se xeren.
- No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primárase a conservación in situ dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificacións na implantación das infraestruturas e ao establecemento de novas medidas protectoras e correctoras.



- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.

Respecto ao Proxecto sectorial

- Deberá incorporar as modificacións que se produzan no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes, para que haxa correspondencia entre todos os documentos: proxecto executivo, EslA e PS. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no EslA e addendas deste.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos verificados e contrastados. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico fóra da poligonal, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens integrantes do patrimonio cultural, así como nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, a entidade promotora ou os concellos deberá remitir o correspondente proxecto técnico de maneira previa a que se conceda a licenza municipal urbanística.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

